

“AS MULLERES SOSTEMOS A METADE DO CEO”: XOHANA TORRES INGRESA NA REAL ACADEMIA GALEGA

Helena González
Universitat de Barcelona

“...neste acto están implicadas numerosas escritoras que hai tempo irromperon con forza na nosa literatura. As mulleres sostemos a metade do ceo. Estaremos, pois, a agardalas”.

Con estas palabras comeza o discurso co que Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931) ingresa o 27 de outubro de 2001 na Real Academia Galega, RAG. Como antes fixo Luz Pozo Garza¹, a poeta leva á institución a voz das escritoras galegas, que escriben desde unha encrucillada identitaria dobre: a nación e o xénero. Unha encrucillada que, se o prefiren, e recollendo un texto da tamén poeta, Lupe Gómez, tamén se pode definir como “un cristal / atravesado por / unha patria” (1995, p. 11). Atravesada, si, porque a figura auroral de Rosalía de Castro, amordazada polo patriarcado galeguista desde finais do século XIX, non permitía que as mulleres falasen con voz de seu. Esta é a realidade e o paradoxo dunha cultura renacida (rexurdida) cadrando coa emerxencia dos nacionalismos, o socialismo e as primeiras accións do sufraxismo; unha cultura que sitúa a Rosalía como voz auroral (a literatura é no XIX a voz das identidades emerxentes), e cobre a súa obra e a súa figura co veo escuro da viúva. Aínda que isto non nos debía sorprenden posto que nos referimos ás patrias; e R. Radhakrishnan ó formular a idea da *totalizing umbrella* explicou axeitadamente o conflito que se produce nun grupo nacional emerxente cando aparecen novos discursos identitarios no seu seo como o feminino. Efectivamente, a partir dos coñecidos -e espléndidos- poemas da *negra sombra* ou a serie sobre as *viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos* o patriarcado galeguista forxou esa imaxe luctuosa do feminino en Galicia, e serviu, de camiño, para imposibilitar que a obra poética rosaliana servise como modelo de poesía concienciada coa cuestión feminina (release *Follas Novas*). A voz de Rosalía, coma a dunha Antígona, proscribiuse e impediu, polo tanto, que proseguiše unha xenealoxía poderosa de escritoras galegas. Para rescatar a Rosalía da gaiola dourada do patriarcado galeguista houbo que agardar a mediados dos anos 80, do século XX, cando a crítica e a creación feminista deconstrúe o mito rosaliano, humanízao e calla, daquela, unha emerxente literatura de mulleres en Galicia, que tiña, iso si, algúns

¹ Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922) ingresou na Real Academia Galega o 29 de novembro de 1996 cun discurso titulado *Diálogos con Rosalía* (1996a) no que se avanzaba unha parte do libro de poemas *Vida secreta de Rosalía* (1996b). Co discurso subliñábase a existencia dunha xenealoxía de escritoras galegas.

precedentes². Entre os máis poderosos sobrancea a obra monolingüe e decididamente nacionalista e feminista de Xohana Torres, que destaca pola súa calidade e pola singularidade da súa poética. A revista de pensamento e creación *Festa da Palabra Silenciada*, peza importante na creación do repertorio feminista, recoñecía a súa importancia ó lle dedicar un monográfico no número 4 (1987), nun momento no que a revista considera prioritario visitar e facer practicable a obra das escritoras galegas de maior renome; todas finadas agás Xohana Torres. Trátase, por suposto, de Rosalía, pero tamén de dúas escritoras que ofrecen dificultades como modelos, Francisca Herrera Garrido (polo seu profundo conservadurismo inicial e o seu franquismo posterior) e Emilia Pardo Bazán (polo seu furibundo antigaleguismo).

Precisamente un dos aspectos que se salientaba no monográfico dedicado a Francisca Herrera Garrido era o feito de ser ela a primeira muller elixida para a ingresar na RAG, pero na RAG do franquismo, é dicir, nunha institución gobernada polos fíos da ideoloxía dominante e inutilizada como institución. Como ben destacou a investigación feminista, Francisca Herrera, malia escribir o seu discurso, non chegou a ingresar na institución porque o académico encargado de redactar a resposta se demorou en facelo e a académica electa finou³. Xa que logo, o recoñecemento da RAG fanábase e as escritoras seguían sen ter presenza real na máxima institución cultural. A seguinte en ser elixida foi Olga Gallego, bibliotecaria de profesión, e por fin, na década dos 90, ingresan Luz Pozo Garza e Xohana Torres, as autoras máis destacadas, xunto con Pura Vázquez, da poesía de posguerra. Na actualidade xa existe unha quinta académica electa, a profesora da Universidade de Santiago de Compostela Rosario Álvarez, autora das gramáticas do galego de referencia e mestra dos novos lingüistas. O anterior presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, demostrou así non só o seu decidido empeño por reactivar a institución senón tamén por adecuala ós tempos que corren, facendo que as mulleres tivesen maior representación.

“Unha muller pode converterse en balea polo simple feito de querer cambiar de forma. Lola tiña ese poder de convicción”

Había tempo que a Real Academia Galega arrastraba débeda de recoñecemento con Xohana Torres, que nos seus anos mozos, naqueles dificultosos anos 50, abraiou á súa xeración polo seu firme compromiso coa lingua, coa nación e coas mulleres (léase a resposta ó discurso de ingreso de Salvador García Bodaño). Xohana Torres comezou a súa andaina literaria publicando versos no panorama raquíutico das revistas literarias dos 50. En 1957 o seu primeiro poemario, *Do sulco*, abre a colección de poesía da emblemática editorial Galaxia, a colección Illa Nova. Neste primeiro libro aparecen xa figuras poderosas de nais e avoas. Durante os anos 60 móstrase como unha activista da lingua e da cultura galegas, con programas de radio, gravacións discográficas sobre textos de Castelao, Cunqueiro e a lírica medieval, e desenvolve unha intensa actividade teatral, vencellada ó Teatro-Estudio de Ferrol. Neses anos prémianse e publícanse as súas dúas obras de teatro, *Á outra banda do Ibberr* (I Premio Castelao de Teatro Galego, Vigo, Galaxia, 1965), unha obra simbólica sobre o exilio protagonizada por unha revolucionaria poderosamente independente, Malen de Ascó, e logo *Un hotel de primeira sobre o río* (II Premio Castelao de Teatro Galego,

² Véxase o monográfico sobre a autora na *Festa da Palabra Silenciada* (1987), os traballos de Kathleen N. March e Carmen Blanco (2000). Tamén resultará moi esclarecedora a revisión creativa da figura e da obra de Rosalía feita por poetas de diversas idades (Blanco, 1997).

³ Véxase M. Camino Noia, “Introducción”, en Herrera Garrido (1990, pp. 15-17).

Vigo: Galaxia, 1968), no que se evidenciaba a destrucción da paisaxe natural por parte da especulación inmobiliaria, e nese texto de novo é unha moza a gardadora das esencias. En 1970 gaña o prestixioso premio de narrativa Galicia, convocado polo Centro Galego de Bos Aires. Faino coa súa única novela, a experimental *Adiós María* (desde a 2ª ed., en Vigo: Galaxia), coa que se adentra na emigración galega a Europa a través da vida de Maxa, unha rapaza que ve frustradas as súas expectativas de estudar e ser unha moza moderna porque se ten que facer cargo da familia. Logo, Xohana Torres abandona o activismo cultural, publica puntualmente na revista *Grial* unha serie poética inédita, e, en 1981 volve abrir colección poética en Galaxia, a colección *Dombate*, con *Estacións ao mar*, que será Premio da Crítica. Neste poemario aparecen textos sobre a nación, o tempo e a muller; pero *Estacións ao mar* é, sobre todo, o poemario da avoa Lola, a xeradora de stirpes, sabia das cousas do agro na ribeira do río Avia e os remedios naturais. Desde a súa publicación Lola converteuse nunha das avoas por excelencia da literatura galega. A ela dedicoulle Xohana Torres o remate do seu discurso de ingreso na RAG: “En min sempre levita Lola ingrávida, / cun acompañamento sonoro de pardais, / seu perfil en realce pola extrema. / Sibila en Ribadavia, chombra moura. / Bendita sexa a que esmagaba os acios / para facer o viño como se fose a luz”. O seu libro máis recente é *Tempo de ría* (A Coruña, Espiral Maior, 1992) no que se inclúen as súas olladas máis persoais ó mar e o poema máis emblemático da súa produción recente: “Penélope”, que remata co coñecido verso-lema “EU TAMÉN NAVEGAR”. Este texto, que aparece en todas antoloxías preparadas a partir dos anos 90, abre a navegación sen amarras para as escritoras galegas, non só seguindo o diálogo coa súa Penélope (González, 2000). Reparade no poema colaxe que Ana Romaní (Bermúdez y González, 2000, p. 22) escribe por riba dos versos de Xohana Torres:

Estacións ao mar sábeme a menta. Non lembro cando enraizou a planta entre estas costelas.
[...]

(Da miña cronoloxía):

Primeiro foi Rosalía, despois Xohana. Nada sei dela, acó están estas cousas

(Amigos, non sabedes de min máis que isa onda)

Logo poderíamos teorizar, descifrar a lonxevidade da menta, pero

Desde o 81 *todas as beiras do Avia foron miñas.*

Nesta chiscadela de María do Cebreiro (1998, p. 51):

Ás veces miña nai, para se despedir,
invoca a xohana torres
(adiós, adiós maría)
e eu caio polo oco da escaleira.

Ou neste retrato de Maxa, a protagonista de *Adiós María*, feito por Chus Pato (Bermúdez y González, 2000, p. 19):

Maxa posúe un total e cabal dominio da lingua e do pensamento, mesmo se permite imaxinar unha vida independente como escritora de fama, Maxa é quen de escribir ese océano de intelixencia literaria que é a carta á súa nai.

Pero Xohana Torres tamén cultivou a literatura infantil e xuvenil, con *Polo mar van as sardiñas* (Vigo, Galaxia, 1968) e *Pericles e a balea* (Vigo, Galaxia, 1984) conta cunha interesante traxectoria como adaptadora de contos infantís e como traductora de narrativa para adultos, a miúdo en colaboración coa súa sobriña, M^a Dolores Torres.

“...enviar a Penélope a outras latitudes. Ben merece, á fin, ampliar as vistas”

Xohana Torres vive afastada desde 1970 do ruxe-ruxe literario pero non da literatura. Rodeada de libros e do mar de Vigo, segue lendo, escribindo e mantendo na súa voz a forza das conviccións sen laña e das emocións profundas.

Como non pode ser menos, alegrámonos de que as institucións literarias recoñezan, aínda que sexa de vagariño, as contribucións literarias e simbólicas das escritoras. Moito máis nos alegra cando, como no caso de Xohana Torres, o que se recoñece é unha traxectoria de profunda convicción feminista e nacionalista e unha poética irrefragable, persoal e innovadora que, lamentablemente, a penas se reeditou (a súa obra poética e teatral) nin, moito menos, se traduciu a outras linguas. A Academia recoñeceu xa a súa figura pero a súa obra segue a ser inasequible para o grande público. Só a súa novela, *Adiós María*, se reedita infatigable, e se cadra por iso entrou na colección popular que publica o xornal *La Voz de Galicia* ó longo do ano 2002, a “Biblioteca 120”.

Xohana Torres é a escritora de referencia no século XX. No ano 2000 celebrámoslle o cumpreanos ó seu *Estacións ao mar* dedicándolle enteiro o número 334 da *Revista das Letras*, o suplemento mensual de *O Correo Galego* (5-X-2000). Agora, para celebrar o sei ingreso na RAG, pero tamén o cumpreanos do seu último libro, os dez anos de *Tempo de ría*, rescatamos aquí dúas traducións do poema *Penélope* que alí se recolle (en realidade o poema foi publicado por primeira vez no nº 4 da *Festa da Palabra Silenciada*, en 1987). A versión catalana é autoría de Sònia Garcia e Alfredo Salom; repartíuse en octavillas cadrando coa exposición bibliográfica titulada “*Eu tamén navegar*”. *Literatura galega de muller* que se organizou co gallo do Congreso Internacional *Bellesa, Dona i Literatura*, del *Centre Dona i Literatura*. A versión española é da propia Xohana Torres, para a antoloxía *Rías de tinta* (Segarra, González, Ardolino, 1999).

Así que, mentres non chega a necesaria reedición e tradución da súa obra para resarcir a escritora de tal importancia do silenciamento (ou algo aínda peor, o perigo de momificación de ser lida só a través de antoloxías), disfruten con estes dous petiscos literarios: as traducións de “Penélope” ó catalán e ó español e do seu discurso de ingreso na RAG, no que a poeta fala da súa visión do mundo e da literatura. O discurso titulouse, como non podía ser doutra maneira: *Eu tamén navegar* (A Coruña, Real Academia Galega, 2001).

Penèlope

Declara l'oracle:

“QUE a l'enllà del crepuscle és mar de morts,
incerta, última llum, no tindràs por.

QUE rams de llorer alcen al-lotes.
QUE color violeta el raïm decideix.

QUE gaudeixis d'altres pàtries la verema.
QUE minvi el vent, beurràs el vi.

QUE sirenes sense veu a l'embat de la vela.
QUE un sumari d'escuma pel rocam.”

Així parlà Penèlope:

“Existeix la màgia i pot ser de tots.
A què tant de cabdell i tanta història.

JO TAMBÉ NAVEGAR

(Trad. de Sònia García e Alfredo Salom, 1998)

Penélope

Declara el oráculo:

“QUE al filo del ocaso es mar de muertos
incierto, última luz, non tendrás miedo.

QUE ramos de laurel alzan muchachas.
QUE color malva madura el racimo

QUE consigas de esas patrias la vendimia.
QUE amaine el viento, beberás el vino.

QUE sirenas sin voz la vela embaten.
QUE un sumario de espuma en los escollos”.

Así habló Penélope:

“Existe la magia y puede ser de todos.
¿Para qué tanto ovillo y tanta historia?

YO TAMBIÉN NAVEGAR”.

(Trad. de Xohana Torres, 1999)

BIBLIOGRAFÍA

- BERMÚDEZ, Teresa y Helena GONZÁLEZ (coords.) (2000), *Revista das Letras*, 334, monográfico *Xohana Torres*.
- BLANCO, Ana (ed.) (1997), *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro.
- Festa da Palabra Silenciada* (1987), monográfico *Xohana Torres* (1987), 4.
- GÓMEZ, Lupe (1995), *Pornografía*, Compostela, Ed. da Autora.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2000), "Penélope i Antígona, dos miralls mítics de la literatura gallega de dones", *Anuari de Filologia*, vol. XXII, secció G, núm. 10, pp. 59-68.
- HERRERA GARRIDO, Francisca (1990), *Néveda*, Vigo, Xerais.
- MARÍA DO CEBREIRO (1998), *O estadio do espello*, Vigo, Xerais.
- MARCH, Kathleen N. e Carmen BLANCO (2000), *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)*, vol. VI, Barcelona, Anthropos.
- POZO GARZA, Luz (1996a), *Diálogos con Rosalía*, A Coruña, Real Academia Galega.
- (1996b), *Vida secreta de Rosalía*, A Coruña, Espiral Maior.
- SEGARRA, Marta, Helena GONZÁLEZ e Francesco ARDOLINO (eds.) (1999), *Rías de tinta. Literatura de mujeres en francés, gallego e italiano*, Barcelona, Edicions de la Universitat de Barcelona.